



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
CESANTES
4 DE MARZO DE 2015

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación da acta anterior.**
- 2.- Estado dos orzamentos participativos 2014.**
- 3.- Orzamentos participativos 2015.**
- 4.- Reparación e limpeza de beirarrúas no Alto de Cesantes.**
- 5.- Información sobre o muro do paseo da praia de Cesantes.**
- 6.- Información sobre reclamacións obras AVE no barrio do Coto.**
- 7.- Información sobre se se vai a poñer o alcantarillado na zona do Pazo de Torres Agrelo.**
- 8.- Información sobre o alumeadado público que foi retirado no Coto polas empresas que traballaban nas obras do AVE.**
- 9.- Información sobre colocación de alumeadado no camiño Coruxo.**
- 10.- Información referente ao socabón existente diante de Muebles Goila e a súa reparación.**
- 11.- Información referente ás beirarrúas existentes diante do restaurante D'Iago, previsión de ampliación.**
- 12.- Información sobre a colocación de lombo de burra na zona do colexio Outeiro das Penas.**
- 13.- Información sobre o posible asfaltado do aparcadoiro anexo ao colexio Outeiro das Penas.**
- 14.- Rogos e preguntas.**

No Centro Cultural de Cesantes, sendo as vinte horas e dez minutos, do día catro de marzo de dous mil quince, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Ana Isabel Rey Gómez, representante do PS de G – PSOE
- Cecilia Pérez Orge, representante do BNG
- Luis Medal Fiel, representante de AER
- Fernando González Fontán, representante das asociacións veciñais e a súa suplente M^a Magdalena Ramoné Otero
- Marcial López Cabaleiro, representante da comunidade de montes
- Arsenio Martínez Ricón, representante das asociacións culturais
- María Fernanda Castro Montero, representante das asociacións culturais
- Luis Antonio Medal Martínez, representante das asociacións culturais
- José Ramón Bouzón Loureiro, representante das asociacións culturais
- Juan Carlos Araújo Alonso, representante das entidades deportivas
- Clemente Bastos Estévez, representante do colectivo do mar
- Mercedes Iglesias Bouzón, representante do colectivo do mar
- Marta Rosa Ramos Álvarez, representante das ANPAS



CONCELLO DE REDONDELA

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Jesús Crespo López, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

Incidencias

O Presidente indica que Mercedes Iglesias Bouzón asiste no sitio das mariscadoras pero que non puideron presentar o escrito nomeándoa porque aínda teñen que designar un suplente e pregunta se alguén ten algún inconveniente en que asista.

Están todos de acordo.

Fernando González Fontán matiza que as mariscadoras lle puideron avisar a Magdalena Ramoné Otero.

O Presidente explica, que xa que contan coa presenza de Ángel Colsa técnico redactor do proxecto do muro da praia, para clarear calquera dúbida, varia a orde do día e pasa a tratar **primeiro a información sobre o muro do paseo da praia de Cesantes.**

1.- Aprobación da acta anterior.

Sométese a aprobación a acta da xuntanza de data 10.12.2014.

Fernando González Fontán quere que se faga constar en acta tres puntos, xa que lle parece unha falta de respecto hacia a Asociación de Veciños:

Primeiro.- Cando o Presidente lle preguntou se estaba grabando o consello.

Segundo.- Que o Alcalde non recordaba que o representante dos veciños estivera falando con el sobre o muro da praia.

Terceiro.- A pregunta que fixo o Alcalde, cando dúas persoas, Fernando e Marta, estaban discutindo sobre un tema, de se os consellos parroquiais de Cesantes son sempre así.

O Presidente lle aclara que as actas son un resumo, que non se pode recoller todo o que se di. Indica que se todos están de acordo, se inclúe.

Todos indican que non hai problema que se inclúa.

O Presidente pregúntalle ao Sr. González Fontán se se reflicte ao final da acta, ao que non se opón.

Feitas as correccións apróbase a acta por unanimidade das/os membros presentes.



CONCELLO DE REDONDELA

2.- Información sobre o muro do paseo da praia de Cesantes.

Fernando González Fontán di que quere saber como está o tema do muro.

Ángel Colsa explica que Europa permite 240 mts. de muro, unha rampla donde o Antolín e outra donde fai un quiebro. Propúxose a mellora do proxecto e as dúas ramplas van ao 8% de pendente como unha situación excepcional de accesibilidade para baixar á praia, faise unha importante obra de drenaxe. O muro é de 240 mts., falado con Costas a profundidade do muro será de 1,50-1,80. Ensina o detalle aos membros do consello.

Ademais, informa que agora se está acopiando a pedra para a cimentación, que non se vai a ver e logo colocárase a pedra morena. Trátase dun muro careado que por detrás vai formigonado. Rematarase con zahorra compactada e a tapa de coronación terá botaaugas.

A obra trátase dun acondicionamento do bordo do litoral e faise unha potente drenaxe para a auga. O talude do muro irá a un cinco e o muro terá unha altura de 1,50 mts.

Cecilia Pérez Orge comenta que aplicando esa proporción un cinco, equivaldría a uns 30 cms. e parece pouca inclinación.

Ángel Colsa indica que así parece pouco pero si que se nota. Os muros xa están consolidados e non se pode facer outra cousa porque entraríase en terreo dos veciños.

Luis Medal Fiel explica que consultado con Costas, lles informa que están dacordo con que sería mellor facer o muro inclinado, o máximo que eles permiten é de un tres, pero neste caso autorízase un cinco para non invadir o terreo dos veciños.

Clemente Bastos Estévez di que se o terreo é particular que fagan o muro os veciños, que non entende que non poida vir para dentro o muro por iso.

Luis Antonio Medal Martínez di que se o importante é priorizar que non se vaia a area ¿por qué Costas son tan rixidos coa inclinación do muro?

Ángel Colsa indícalle que o problema da area é que está concrecionada, non é problema do muro, se a area estivera solta quedaría ahí.

Fernando González Fontán indica que a area non se deposita ahí por unha serie de actuacións que se fixeron ao largo do tempo. Ademais pregunta se se fixo algún estudo de se as obras poden afectar á area.

Ángel Colsa contéstalle que se hubiera dadas Costas non o autorizaría.

Fernando González Fontán di que, se o estudo que vai facer Costas resolve que o muro prexudica, ¿qué se vai facer? ¿vanse tirar os muros?



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente contéstalle que hai que esperar a ver o que di o estudo. De momento, agora vaise facer o muro.

Luis Antonio Medal Martínez di que supón que se Costas autoriza o muro xa faría uns estudos previos.

Cecilia Pérez Orge di que hai estudos feitos noutras zonas que indican que os muros verticais fan dano e que cando Costas legisla é xenérico, non mira a casuística de cada zona.

Ademais, lle pregunta a Ángel Colsa, en relación coa pregunta que fixera Magdalena no último consello parroquial de se a construción do muro vai afectar a zona próxima de marisqueo, se agora se pode afirmar que non vai afectar.

Ángel Colsa lle contesta que se Costas o autoriza se supón que non hai problema. Costas estivo na obra varias veces e está moi tranquilo coa solución que lle deu Antonio Iglesias, técnico de Costas, que foi varias veces ao sitio.

Cecilia Pérez Orge pide que conste en acta as posibles repercusións que poida ter ese muro na zona marisqueira, xa que polo que escoita non se ten a seguridade de que non vaia afectar aos bancos marisqueiros.

Ángel Colsa manifesta que ao 100% non se pode afirmar porque son temas sensibles, pero el polo que lle dixo Antonio Iglesias está tranquilo.

Clemente Bastos Estévez comenta que estivo alí na obra e lle preocupa que cando boten o formigón que é veneno puro pode chover e marchar para a praia, para os bancos marisqueiros. Indica que igual que outros muros feitos non teñen formigón, ese tamén se poría facer sen formigón. Pregunta quen sería o responsable se pasase algo.

Ángel Colsa lle explica como se faría o proceso de botar o formigón, facendo unha trincheira e de todas formas, vai avisar dese tema ao xefe da obra para que estén pendentes dese tema.

O Presidente explica que hubo unha reunión na praia con Clemente e a empresa que vai a facer as obras e xa lle explicaron que hai moitos tipos de cementos e que non vai haber problema.

Fernando González Fontán pregunta que se pasa algo quen é o responsable.

Juan Carlos Araújo Alonso pregunta de canto é o seguro de responsabilidade civil por se pasa algo.

Luis Medal Fiel pregunta en relación ao anterior consello se o Alcalde xa fixo a reunión con Portos.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente explica que o estudo que vai facer Portos é de toda a praia, non en concreto para os muros.

Luis Medal Fiel di que non hai informe medioambiental.

Ángel Colsa indica que está autorizado dentro do conxunto do proxecto.

Luis Medal Fiel quere que conste en acta que AER está en contra de que se faga unha actuación tan delicada sen ter un estudo previo. Di que dende o propio Concello se podían recadar os informes técnicos cualificados antes de facer o muro.

Ademais, manifesta que non se pode facer unha actuación se non se sabe que non vai afectar.

Ángel Colsa explica que se o técnico de Costas, Antonio Iglesias, di que non hai problema, pois está ben.

Luis Medal Fiel ensínalle as fotos dos muros de Chapela a Ángel Colsa.

Fernando González Fontán pregunta en nome dos veciños desa zona se se lle vai a dar máis altura ao muro porque co mal tempo e as mareas lles chega a auga ás vivendas.

Ángel Colsa explícalle que a altura vai ser a que ten, xa que se trata dun acondicionamento do litoral.

Fernando González Fontán pregunta que en caso de que Costas esté equivocado quen é o responsable.

Ángel Colsa indícalle que Antonio Iglesias estivo na obra mirando o tema e confía nel.

Cecilia Pérez Orge plantexa que con estas obras hai que ter certo coidado e sensibilidade, que a veces no proceso de execución da obra se fai máis dano que coa propia obra, pide que se faga con coidado, que haxa unha supervisión da obra.

Ángel Colsa explica que esta empresa fixo os muros en Panxón - Nigrán e se vai estar enriba deles.

Clemente Bastos Estévez indica que ten dúbidas de que o muro se faga para protexer a praia, o bo sería que non houbera muros. Indica que o muro se fai para mellorar a contorna e que quede máis bonita.

Luis Medal Fiel di que se dá por suposto que Costas ten o informe medioambiental, queren saber se o hai, debe pedirse ese informe.



CONCELLO DE REDONDELA

Ángel Colsa explica que o acondicionamento comeza un pouco antes da zona do Antolín, despois iría a rampla e dende a rampla contaríanse os 240 mts. Clarexa que as ramplas van enriba da area porque son de acceso á praia.

O Presidente explica que a rampla da zona do Antolín mira hacia Redondela e a outra de Redondela hacia a Punta.

Fernando González Fontán pregunta se so hai dous accesos á praia en todo o muro.

O Presidente indicalle que si e explica que o muro vai dende o Antolín ata un pouco máis adiante do desaugadoiro, non chega ao mirador.

Ángel Colsa explica que agora están acopiando pedra para a cimentación e as máquinas van a comezar o xoves a traballar.

Marta Rosa Ramos Álvarez pregunta se van a cortar o acceso ao camiño polas obras.

O Presidente dille que o preguntará.

Fernando González Fontán comenta que os camións que viñeron cando fixeron o muro do Regato provocaron un afundimento, se esta vez pasa o mesmo quen é o responsable?

O Presidente contéstalle que xa están avisados de que teñan coidado, non destrocen, non suban ás beirarrúas.

Ángel Colsa comenta o programa da obra, e aproveitando que está bo tempo e as mareas, igual traballan o sábado tamén.

Todos os colectivos do consello indican que controlarán as obras.

José Ramón Bouzón Loureiro indica que van a marcar a rampla para facela, reuniranse todos cos técnicos para miralo.

Fernando González Fontán engade que se está traballando para reconstruír o pantalán, que teñan en conta esta posibilidade a hora de facer a rampla. Costas explicoulle que non se pediu por escrito.

O Presidente contéstalle que Costas de momento non o autoriza.

Clemente Bastos Estévez di que prefire ter un bo porto, unhas boas instalacións, con calado e non un pantalán. E se o queren solicitar teñen que ter uns bos argumentos. Xa había un pantalán e deixouse que o levaran.

Rematado este punto e antes de continuar co punto 2 da orde do día, o Presidente quere falar de como está funcionando o consello parroquial.



CONCELLO DE REDONDELA

Explica que así non está funcionando ben, non se está mirando para adiante. Pon de exemplo como funciona o consello do Viso.

Hai que pensar doutra maneira para desenvolver o consello, por exemplo neste consello hai temas como a información dos orzamentos participativos 2014, as contas, que xa se levaron noutros consellos.

Juan Carlos Araújo Alonso explica que hai temas que el xa os pediu no Concello e non lle contestan.

Cecilia Pérez Orge dílle a Juan Carlos que como colectivo o teñen que denunciar publicamente.

O Presidente di que se trata de traer cousas máis concretas. Non xuntar tantos puntos, non saturar ao consello, que con tantos puntos nos vamos a cansar.

Luis Medal Fiel di que as actuacións teñen que levarse ao consello antes de facelas non despois e entende que os puntos xa son concretos. Ademais, engade que os temas da orde do día son novos, non se trataron noutro consello.

Cecilia Pérez Orge di que de calquera actuación que se faga debe darse conta ao consello antes, non despois como se fixo con algúns temas. O consello é un órgano consultivo, non so para dar meramente información.

3.- Estado dos orzamentos participativos 2014.

O Presidente explica que as marquesiñas xa están colocadas, falta colocar os paneis informativos, a fonte, os bancos e as árbores. Como os traballos os fan os operarios de vías e obras, cando poidan os irán facendo xa que tamén teñen que atender o dos outros consellos parroquiais.

Fernando González Fontán comenta que as árbores que colocaron no parque da Pantalla son pequenas e quere saber se van a colocar máis e canto costaron. Ademais, quere saber o do poste.

O Presidente indica que as obras se van a facer.

4.- Orzamentos participativos 2015.

O Presidente pídelles que se vaian reunindo e pensando en que invertir os orzamentos de 2015.

Luis Medal Fiel quere que conste en acta que AER leva pedindo dende fai tempo un regulamento para os orzamentos participativos, no que se estableza en qué ámbito se poden invertir os orzamentos participativos.



CONCELLO DE REDONDELA

5.- Reparación e limpeza de beirarrúas no Alto de Cesantes.

O Presidente informa que teñen a intención de cambiar todas as baldosas rotas, facer accesos para minusválidos. Ás beirarrúas pasaráselle unha karcher para limpalas.

O unico que falta é que Fomento autorice para pintar o paso de peóns, de palabra o autorizaron pero hai que pedilo por escrito.

Os pasos de peóns pintaranse un na baixada á praia, outro na baixada onde as Ánimas, outro na de Hortensia e outro fronte á subida onde está a farmacia.

Fernando González Fontán comenta que se continúa na directiva da asociación, van a tratar o tema da canalización da auga da traia que vai a través dunha tubaxe de amianto e se cambian as plaquetas das beirarrúas habrá que cambialas de novo.

O Presidente explícalle que consiste unicamente en levantar unhas poucas plaquetas que están rotas. Ademais, Aqualia vai a cambiar uns 130 mts. de tubaxe, dende a zona na que agora estiveron obrando, porque vai pola estrada e a van a colocar pola beirarrúa.

Luis Medal Fiel pregúntalle ao Presidente se hai algunha data para realizar esa obra.

O Presidente contéstalle que da tubaxe non o sabe, das beirarrúas xa hai presuposto e nuns 15-20 días teñen a intención de facelo.

Fernando González Fontán informa que algúns veciños transmitíronlle que ao baixar da estrada nacional na zona da farmacia, para coller o ramal da esquerda, os coches que suben interrompen o paso, polo que os coches que baixan non o poden coller e obstaculizan o tráfico. Así mesmo, indica que alí hai un trozo de cemento no que esvaran as persoas.

6.- Información sobre reclamacións obras AVE no barrio do Coto.

O Presidente explica que Cándido Vilaboa, concelleiro de vías e obras, xa recibiu a contestación a todos os veciños, que xa poden pasar polo Concello para ver o que lles contesta ADIF.

Juan Carlos Araújo Alonso di que o que quere saber é que se ADIF non repara os danos, quen os vai a reparar, que se lles de unha solución.

7.- Información sobre se se vai a poñer o alcantarillado na zona do Pazo de Torres Agrelo.

O Presidente explica que folou con Cándido Vilaboa e lle informou que o proxecto xa está feito, só falta que Fomento o autorice.

8.- Información sobre o alumeadado público que foi retirado no Coto polas empresas que traballaban nas obras do AVE.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente informa que Cándido Vilaboa lle explicou que se vai a colocar novo alumeado, o proxecto xa está feito, faltan os presupostos de varias empresas e unha vez que se adxudique á empresa daráselle traslado a ADIF para que o autoricen, xa que para autorizalo necesitan o nome da empresa que vai facer as obras.

9.- Información sobre colocación de alumeado no camiño Coruxo.

O Presidente explica que Cándido informoulle que nesa zona xa hai algún punto de luz pero é unha zona complicada porque é estreita e non hai espazo para colocalo. Único sería poñelo na propiedade dalgún veciño. Ademais, para poder colocalo o poste ten que ser municipal.

Engade que éste sería un bo tema para incluír nos orzamentos participativos.

10.- Información referente ao socabón existente diante de Muebles Goila e a súa reparación.

O Presidente informa que Cándido indicoulle que xa se vai arranxar aquela zona.

11.- Información referente ás beirarrúas existentes diante do restaurante D'Tago, previsión de ampliación.

O Presidente informa que se vai facer a petición ao organismo que corresponde porque esa estrada non é municipal, para que no tramiño que falta beirarrúa se faga.

12.- Información sobre a colocación de lombo de burra na zona do colexio Outeiro das Penas.

O Presidente explica que ata o momento non había maquinaria que puidera facer esa obra, agora xa están na zona de Cesantes e está proxectado que unha desas empresas o faga. Cando rematen pasaran por alí.

13.- Información sobre o posible asfaltado do aparcadoiro anexo ao colexio Outeiro das Penas.

Marta Rosa Ramos Álvarez indica que no terreo da entrada principal do colexio, que pertence ao Concello, está mal o asfalto, hai buracos e a beirarrúa está fatal, pregunta se se pode arranxar.

O Presidente indícalle que xa falou coa directora sobre o tema e nos baches podense botar uns parches, llo trasladará a Cándido Vilaboa, concelleiro de vías e obras.

14.- Rogos e preguntas



CONCELLO DE REDONDELA

Cecilia Pérez Orge informa que na zona da Pantalla quedou unha zona das obras do AVE que está a monte sen limpar, que hai ratas e bichería e está preto das casas, na zona hacia a entrada do túnel. Pide que o Concello solicite a limpeza.

Juan Carlos Araújo Alonso comenta que no consello parroquial do 12.11.14 pedira información sobre as análises da auga das fontes.

O Presidente indícalle que xa o trataron no consello parroquial do 10.12.14 e ensínalle o listado das fontes.

Fernando González Fontán indica que na fonte do León hai un cartel pequeno que pon apta e outro en grande que pon non potable, entón os veciños non saben a cal facerlle caso.

O Presidente contéstalle que esa deu apta e que se teñen que guiar polo último cartel.

Luis Antonio Medal Fiel engade que a auga varia, as análises poden variar dun mes a outro.

Fernando González Fontán pregunta se as peticións que se fan no consello serven de algo. E pon de exemplo a petición de Leonardo Cabaleiro e Luis Medal sobre o estudo previo antes de asfaltar unha estrada.

O Presidente contéstalle que o consello é consultivo, el transmite o que se trata no mesmo, e unhas cousas faranse e outras non.

Fernando González Fontán pregunta en relación co consello parroquial do 12.11.14 se o muro do colexio CEIP San Pedro e a aramada xa se arranxaron ou cando se van arranxar.

O Presidente contéstalle que non o sabe o preguntará.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e dúas horas e dez minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.